

CONCELLERÍA  
DE  
EDUCACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 19 DE MAIO DE 2022.

## PROCESO DE ACEPTACION OU RENUNCIA DE PRAZA E PROCEDIMENTO DE PAGO ALUMNADO 1º BACH PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS 2020”.

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 19/05/22, adoptou o acordo de aprobar as listaxes definitivas de alumnado de 1º BACH seleccionado para participar no programa “VIGO EN INGLÉS 2020”, polo que todos aqueles alumnos/as que resultaron adxudicatarios/as, deberán tramitar o Anexo de aceptación de praza ou realizar o pago de achega familiar que lle foi comunicada vía e-mail, **NO PRAZO HABILITADO AO EFECTO CONTADO DENDE O VENRES 20 DE MAIO ATA A DATA LIMITE DO XOVES 26 DE MAIO**

- **ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS EXENTOS/AS DE PAGO:**

No sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles>, tramitarán vía telemática en prazo o Anexo coa aceptación expresa da praza, debidamente cuberto e asinado dixital ou manualmente. Tamén se poderá presentar este anexo vía rexistro electrónico ou presencial.

**A non presentación do citado anexo no prazo habilitado ao efecto, implicará a renuncia voluntaria á praza adxudicada.**

- **ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS CON PAGO DE PREZO PÚBLICO:**

No sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles>, tramitarán vía telemática en prazo o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas seguintes entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, Banco de Sabadell, Banco de Santander, Caixabank, Ibercaja, Novo Banco e BBVA).

**A**queles que utilicen a modalidade de pago presencial en entidade bancaria, logo deberán enviar escaneado ao e-mail “[vigoeningles@vigo.org](mailto:vigoeningles@vigo.org)” o correspondente xustificante de abono, ou tamén poderán anexar o xustificante de abono no seu procedemento pendente na Carpeta Cidadá.

**A non realización do abono do prezo público que corresponda, no prazo habilitado ao efecto implicará a renuncia voluntaria á praza adxudicada.**

*(No caso de renuncia posterior, este pagamento non terá dereito a devolución da cantidade aboada, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo).*